

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Información pública: Proxecto de modificación da Ordenanza fiscal n.º 14 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer

Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal n.º 14 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer

Trámite: información pública.

Aprobado inicialmente polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 17 de xullo de 2025 o proxecto d, de conformidade co indicado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles a computar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de A Coruña, prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas alegacións ou reclamacións estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do presente anuncio.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible na sede electrónica <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> ,na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación) e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa dispoñible na páxina web <https://mugardos.gal/participacion-ciudadana-elaboracion-normativa/> , sección Inicativa en fase de información pública.

O expediente está a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos e o texto completo do proxecto, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

Rematado o prazo as reclamacións e suxerencias, no seu caso presentadas, serán obxecto de estudo e emisión dos correspondentes informes técnicos e o expediente será novamente sometido a aprobación do Pleno con estimación ou desestimacións das alegacións ou reclamacións presentadas, fase á que seguirá a de publicación íntegra do texto da ordenanza no BOP de A Coruña e no Portal de Transparencia (artigo 49 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), sen que entre en vigor ate que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles aos que se refire o artigo 65.2º e 70.2º Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación na páxina web do concello, Espazo de participación cidadá na elaboración normativa

(<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311637624-a00e64b6-f3dd>)

Así mesmo e coa mesma data procederase á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia no que estará dispoñible os certificado do acordo de e o informes técnicos municipais (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d03a8ea5-558e-4575-9c38-674f2ab1fb91/>)

Mugardos, a 18 de xullo de 2025

O Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba

2025/4855